



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE DECEMBRO DO 2020.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz.. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna Olimpia Marcos García Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire.</p> <p>ASISTEN VIDEOCONFERENCIA :</p> <p>Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cincuenta e tres minutos do día vinte e oito de decembro do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Designación xuíz de paz substituto.

Dáse conta do informe do secretario "Designación xuíz de paz substituto" de data 2 de outubro de 2020 que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Designación Xuíz de Paz substituto.

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

Antecedentes: A medio de escrito de 8 de setembro de 2020 dando traslado do acordo de 4 de setembro de 2020 da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre inicio de expediente de designación de Xuíz de Paz Substituto do Concello de Ares.





PRIMEIRO. En cada municipio onde non exista xulgado de primeira instancia e instrución, e con xurisdición no termo correspondente, haberá un xulgado de paz.

De acordo co disposto no artigo 298.2 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz exercen funcións xurisdicionais sen pertencer á carreira xudicial, con suxeición ao réxime establecido na devanditam lei, sen carácter de profesionalidade e con inmovilidade temporal, formando parte durante o seu mandato do poder xudicial.

Segundo o establecido no artigo 100 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz coñecerán, na orde civil e penal, os procesos cuxa competencia lles corresponde por lei. Cumprirán tamén as funcións de Rexistro Civil e as demais que a Lei lles atribúa.

SEGUNDO. A lexislación aplicable será a seguinte:

— Os artigos 4 a 6, 20, 21, e o artigo 28 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Os artigos 99 a 103 e o artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Os artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TERCEIRO. Os xuíces de paz titulares e substitutos serán nomeados, para un período de catro anos, pola sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente.

Poderán ser nomeados xuíces de paz, as persoas que, aínda sen seren licenciados en Dereito, reúnan os requisitos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para o ingreso na carreira xudicial, excepto impedimento físico ou psíquico para o cargo, e que non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (artigo 102 da Lei orgánica 6/1985 e artigo 13 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

CUARTO. Durante o mandato, os xuíces de paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 398 a 397 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no que lles sexa aplicable. Terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

A dedicación á docencia ou á investigación xurídica, única actividade que, cando se desempeña a tempo parcial, se autoriza a xuíces e maxistrados, ou algunhas outras actividades que, aínda que sexan retribuídas con cargo aos orzamentos do estado, poden ser exercidas polos xuíces de paz. Entende o Consello Xeral, atendendo a un criterio de razoable flexibilidade, que, debido á escaseza da suma con que se retribúe o xuíz de paz, isto obrígoa a dedicarse a outra actividade para poder subsistir, e que o importante é que a outra actividade que o xuíz de paz desenvolva sexa, en esencia, compatible co cargo, para evitar interferencias que puidesen afectar á





independencia do xuíz á hora de exercer a súa función (exposición de motivos da Lei orgánica 6/1985, da 1 de xullo, do poder xudicial).

O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non supoñan asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais (artigo 14 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Os xuíces de paz non poderán pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter un emprego ao servizo destes, e terán prohibidas as actividades recollidas no artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, del poder xudicial (artigo 23 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

A autorización, recoñecemento ou denegación de compatibilidade dos xuíces de paz correspóndelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial, logo dun informe do presidente do Tribunal Superior de Xustiza competente (artigo 16 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

QUINTO. O procedemento para levar a cabo a elección do xuíz de paz substituto é o seguinte:

O Concello anunciará as vacantes nos cargos de xuíz de paz substituto con antelación suficiente, mediante convocatoria pública, indicando o prazo e lugar para a presentación das instancias.

Posteriormente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no xulgado de primeira instancia e instrución do partido ou xulgado decano, e no propio xulgado de paz. A data deste anuncio é a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

As solicitudes, que farán constar que se reúnen as condicións de capacidade e de compatibilidade, dirixiranse ao alcalde-presidente do Concello de Ares e presentaranse no rexistro de entrada deste concello ou mediante o procedemento regulado no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, d Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de quince días.

Para poder participar no proceso de selección, deberanse reunir os requisitos esixidos para formar parte na carreira xudicial, de acordo cos artigos 302 e 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

- ter nacionalidade española;
- ser maior de idade;
- non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas na Lei orgánica do poder xudicial (artigo 389).

Os xuíces de paz serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que reúnan as condicións legais e así o soliciten.





De non haber ningún solicitante, o Pleno elixirá libremente (artigo 101.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e artigos 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Unha vez aprobado o acordo polo Pleno do Concello, remitíraselle ao xuíz de primeira instancia e instrución, que o levará á sala de goberno (artigo da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O artigo 7 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz desenvolve a previsión do 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e establece que o acordo do Concello seralle remitido ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (decano), que o dirixirá á sala de goberno. Ao acordo do Concello xuntaráselle unha certificación que inclúa os seguintes puntos:

- Referencia detallada das circunstancias nas que se produciu a elección.
- Mención expresa da observancia do quórum esixido pola Lei.
- Datos de identificación e condicións de capacidade e compatibilidade dos elixidos.

Se a Sala do Goberno do Tribunal de Xustiza considera que as persoas elixidas polo Concello reúnen as condicións de capacidade e de elixibilidade esixidas pola Lei, expedirá os correspondentes nomeamentos e ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comunicándolle o contido ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano) (artigo 8 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Cando na persoa elixida polo Concello concorra algunha causa de incompatibilidade, a sala de goberno poderá proceder ao seu nomeamento se o proposto reúne os requisitos legais de capacidade, para o que se lle concederá un prazo de oito días para que acredite o cesamento no exercicio da actividade incompatible. No caso de que non acredite isto, entenderase que renuncia ao cargo (artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Se no prazo de tres meses desde que se produciu a vacante nun xulgado de paz, o Concello non leva a cabo a proposta mencionada nos puntos anteriores, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza designará un xuíz de paz. Actuarase do mesmo xeito cando a persoa proposta polo Concello non reúna, a xuízo da mesma sala de goberno e unha vez oído o Ministerio Fiscal, as condicións esixidas por esta lei (artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 4 e 9 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Contra os acordos de nomeamento de xuíces de paz cabe recurso de alzada ou de revisión, cando proceda, ante o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, nos prazos e polos motivos e formas que establece a Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.





Os xuíces de paz tomarán posesión do seu respectivo cargo dentro dos vinte días naturais seguintes á data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, logo de facer o xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano). Non estarán obrigados a prestar xuramento ou promesa aqueles que xa o fixeran con anterioridade como xuíces de paz. A duración do mandato computarase desde a data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia (artigo 20 e artigo 21.2 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Non obstante, a corporación acordará o que considere procedente.

Ares, dous de outubro

O Sr. Alcalde somete a votación a designación de xuíz de paz substituto sendo a única candidata que cumpre os requisitos contemplados nas bases Dna. Yolanda María Barroso Sanjurjo.

Sometida a votación a aprobación de **“Designación xuíz de paz substituto”**, por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 abstencións (2 BNG), acorda designar a Dna. Yolanda María Barroso Sanjurjo.

Punto núm. 2.- Aprobación modificación. Ordenanza Fiscal reguladora das axudas de emerxencia social.

Dáse conta do informe de secretaría Aprobación modificación. Ordenanza Fiscal reguladora das axudas de emerxencia social de data 18 de decembro do seguinte teor literal;

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das axudas de emerxencias social municipal do Concello de Ares

En cumprimento do ordenado pola Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 3.3. do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable

A lexislación básica aplicable é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais -TRLRHL-.

SEGUNDO.- Consideracións xurídicas





A lexislación específica aplicable á imposición e ordenación das taxas, está constituída polos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, respecto da determinación do feito impositivo, suxeitos obrigados ao pago e contía das Taxas, cuxo establecemento permite o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

TERCEIRO.- Procedemento a seguir:

A adopción do acordo de imposición, aprobación ou modificación da Ordenanza fiscal respectiva vén atribuída ao Pleno da Corporación, de conformidade co que dispón o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, sen ser necesaria unha maioría especial.

O procedemento para o establecemento, modificación, supresión e ordenación é o previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, que se expón a continuación, tendo en conta que as correspondentes Ordenanzas fiscais que se aproben haberán de ter o contido mínimo establecido no artigo 16.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais:

O expediente, completo e ditaminado (no seu caso) pola Comisión Informativa respectiva deberá elevarse ao Concello Pleno para o seu debate e aprobación inicial.

-O acordo de aprobación inicial exporase no taboleiro de anuncios da Entidade, na web municipal, durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

- Someterase o anuncio de exposición mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Finalizado o período de exposición pública, adoptaranse os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que refírese o acordo provisional. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que refírese o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración da Ordenanza, debe sustanciarse unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados polo mesmo, sobre unha serie de





aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

CUARTO.- Respecto do contido da modificación, a mesma responde á necesidade de incrementar as axudas para adecualas ás necesidades dun xeito máis racional, así como dar unha resposta á actual situación sobrevida do estado de alarma aprobado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 e os sucesivos Decretos da Presidencia da Xunta de Galicia actuando como autoridade delegada : Decretos 178/2020 de 30 de outubro, Decreto 179/2020, do 4 de novembro, Decreto 181/2020, do 9 de novembro, Decreto 182/2020, do 13 de novembro, Decreto 202/2020 de 3 de decembro e Decreto 213/2020, de 16 de decembro.

Na súa virtude, por esta Secretaría non se observa inconvincente para dita modificación.

Ares, a 18 de decembro de 2020.

O Secretario

Artículo 17 Elaboración, publicación y publicidad de las ordenanzas fiscales

Los acuerdos provisionales adoptados por las corporaciones locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

Las entidades locales publicarán, en todo caso, los anuncios de exposición en el boletín oficial de la provincia, o, en su caso, en el de la comunidad autónoma uniprovincial. Las diputaciones provinciales, los órganos de gobierno de las entidades supramunicipales y los ayuntamientos de población superior a 10.000 habitantes deberán publicarlos, además, en un diario de los de mayor difusión de la provincia, o de la comunidad autónoma uniprovincial.

Finalizado el período de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional. En el caso de que no se hubieran presentado reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo, hasta entonces provisional, sin necesidad de acuerdo plenario.

En todo caso, los acuerdos definitivos a que se refiere el apartado anterior, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia o, en su





caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, sin que entren en vigor hasta que se haya llevado a cabo dicha publicación.

Las diputaciones provinciales, consejos, cabildos insulares y, en todo caso, las demás entidades locales cuando su población sea superior a 20.000 habitantes, editarán el texto íntegro de las ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos dentro del primer cuatrimestre del ejercicio económico correspondiente.

En todo caso, las entidades locales habrán de expedir copias de las ordenanzas fiscales publicadas a quienes las demanden.

Artículo 18 Interesados a los efectos de reclamar contra acuerdos provisionales

A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los que tuvieran un interés directo o resulten afectados por tales acuerdos.
- b) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por los intereses profesionales, económicos o vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que como ben dixeron na comisión, s cantidade e insuficiente e polo tanto a proposta é que se amplíe de 400€ a 600€.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que a cantidade é estimada, sempre se aporta máis simplemente é para poñerlle freo a algunha situación de abuso, porque si hai unha necesidade real da igual que se pase de 400€.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que a proposta que trae o PP sen negarnos a que pode haber un apoio, esta proposta necesitaría unha memoria e un estudo de detalle ao respecto de cómo están indo esas demandas por parte dos afectados, e tamén ao respecto de cómo está a economía de servizos sociais para facer fronte a iso, non podemos fixar unha cantidade sen ter en conta todos estes datos da realidade económica e social do concello de Ares polo tanto consideramos que, si ben a intención poderíamos apoiala de algunha maneira coa intención só non basta precisaríamos de eses estudos.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que esta modificación da ordenanza foi levada a comisión para adaptala a realidade, 200€ nunha ordenanza como límite non era razoable nestes tempos en consecuencia se fixo esa proposta de modificación ata 400€ non como teito infranqueable, senón como teito orientativo e así foi votada en comisión. O PP propuxo eses 600€ e non se fixo polo tanto, nós nos mantemos na proposta ditaminada favorablemente en comisión sen prexuízo efectivamente de que na próxima comisión podamos facer ese análise ou ese estudo





económico de 600€, pero en principio ímonos a manter coa proposta do ditame da comisión sen cerrarnos a estudar a proposta que se trae hoxe ao pleno noutra comisión.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non está de acordo coa resposta porque si realmente é así para que se cambia o límite. A proposta de modificación trae cousas considerables e que están ben como antigüidade de 6 meses no concello, eu creo que está ben controlar porque senón isto sería a panacea, pero si é así o que se explicou para que se modifica o limite.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é porque é máis razoable nestes tempos falar de 400€ que de 200€, a realidade social fai que efectivamente a cantidade de 200€ nunha ordenanza non vaia cos tempos entón se pon 400€, realmente a quen necesita máis se lle da e a quen necesite menos se lle aplica.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si lle pagas o aluguer como mínimo son 300 máis a luz xa supera os 400€, eu creo que esta cantidade é irrisoria porque estamos falando de cantidades anuais, tampouco 600€ é a panacea para a xente que o está pasando mal, para a xente de emerxencia social 600€ non lle complica a administración pero polo menos aumentar un pouco, si queres que o leve a comisión pois a levo pero pola nosa parte a contía é insuficiente.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que a proposta será levada a comisión sen ningún problema todo o contrario, a finalidade da ordenanza é un referente e en consecuencia o referente de 200€ non é actual, en consecuencia actualizamos o referente a sabendas de que efectivamente é non vai a impedir absolutamente a ninguén ter axudas superiores, en consecuencia pasamos a proposta do PP a comisión e mantemos a ordenanza fiscal nos termos que veñen recollido no punto número 2.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación a **“Aprobación modificación. Ordenanza Fiscal reguladora das axudas de emerxencia social”**, por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Aprobación da Ordenanza Fiscal N°7 reguladora da taxa por recollida de lixo.

Dáse conta da “Proposta de modificación da ordenanza fiscal N°7, reguladora da taxa por recollida do lixo (BOP núm. 296, 28-12-1998) para minorar o importe do recibo anual aos establecementos afectados polo peche decretado polo estado de alarma derivado da pandemia COVID 19” que a continuación se transcribe;





PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO (BOP núm. 296, 28-12-1998) PARA MINORAR O IMPORTE DO RECIBO ANUAL AOS ESTABLECEMENTOS AFECTADOS POLO PECHE DECRETADO POLO ESTADO DE ALARMA DERIVADO DA PANDEMIA COVID 19

Como consecuencia da urxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante ou Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Tras o seu levantamento no mes de xuño, o empeoramento da situación epidemiolóxica levou á Xunta de Galicia a decretar o peche da hostalería nas zonas e concellos de maior incidencia.

O concello de Ares incorporouse a un dos perímetros de maiores restricións xunto aos concellos de Ferrol, Narón, Neda e Fene o pasado 7 de novembro de 2020 de acordo ao Decreto 179/2020 do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, en relación coa Orde de 4 de novembro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da situación epidemiolóxica derivada da Covid.19 na Comunidade Autónoma de Galicia .

O impacto que está tendo esta situación de excepcionalidade obriga ás Administracións Públicas, a adoptar aquelas medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nosa sociedade, e concretamente no sector hostaleiro, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID.

O Concello de Ares, tendo en conta que dende o 7 de novembro os establecementos de hostalería víronse obrigados a pechar as súas portas ata o 4 de decembro (Decreto 202/2020 do 3 de decembro en relación coa Orde de 3 de decembro de Sanidade), non xeraron residuos durante un período comprendido cómpre minorar a taxa, axeitándoa á realidade.

Máis tendo en conta que o recibo xa está emitido dende outubro, cómpre aplicar esta minoración, por compensación, no recibo do 2021..

Para iso propónse a incorporación da seguinte disposición adicional na ordenanza fiscal que establece a taxa en vigor:

“ Por mor da pandemia derivada da COVID19 e as medidas excepcionais adoptadas en canto ás restricións de apertura de establecementos e negocios de hostalería e restauración, derivadas das restricións autonómicas recollidas Decreto 179/2020 do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, en relación coa Orde de 4 de novembro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da situación epidemiolóxica derivada da Covid.19 na





Comunidade Autónoma de Galicia, os suxeitos obrigados contribuíntes nas modalidades fixadas no parágrafo 3 do artigo 6 desta ordenanza, terán, na liquidación da taxa do lixo do ano 2021, un 8,33% de desconto (1 mes) quedando como segue:

A) Establecemento de restauración:

Cota ordinaria anual 208,77E

Cota 2021: 191,37€

Os importes poderán ser modificados polas actualizacións que lle fosen aplicables.

Dáse conta do informe de secretaría "Aprobación da Ordenanza Fiscal Nº7 reguladora da taxa por recollida de lixo" de data 18 de decembro do seguinte teor literal

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : Modificación da Ordenanza Fiscal Nº. 7 reguladora da taxa por recollida do lixo

En cumprimento do ordenado pola Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 3.3. do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable

A lexislación básica aplicable é a seguinte:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-.

Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais -TRLRHL-.

SEGUNDO.- Consideracións xurídicas

A lexislación específica aplicable á imposición e ordenación das taxas, está constituída polos artigos 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, respecto da determinación do feito impositivo, suxeitos obrigados ao pago e contía das Taxas, cuxo establecemento permite o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

TERCEIRO.- Procedemento a seguir





A adopción do acordo de imposición, aprobación ou modificación da Ordenanza fiscal respectiva vén atribuída ao Pleno da Corporación, de conformidade co que dispón o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, sen ser necesaria unha maioría especial.

O procedemento para o establecemento, modificación, supresión e ordenación é o previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, que se expón a continuación, tendo en conta que as correspondentes Ordenanzas fiscais que se aproben haberán de ter o contido mínimo establecido no artigo 16.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais:

O expediente, completo e ditaminado (no seu caso) pola Comisión Informativa respectiva para o seu debate e aprobación inicial.

O acordo de aprobación inicial exporase no taboleiro de anuncios da Entidade, na web municipal, durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

- Someterase o anuncio de exposición mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Finalizado o período de exposición pública, adoptaranse os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que refírase o acordo provisional. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que refírese o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración da Ordenanza, debe sustanciarse unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados polo mesmo, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

CUARTO.- Respecto do contido da modificación, a mesma responde á necesidade de recoller minoración do recibo consecuencia do estado de alarma aprobado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 e os sucesivos Decretos da Presidencia da Xunta de Galicia actuando como autoridade delegada: Decretos 178/2020 de 30 de outubro,





Decreto 179/2020, do 4 de novembro, Decreto 181/2020, do 9 de novembro, Decreto 182/2020, do 13 de novembro, Decreto 202/2020 de 3 de decembro e Decreto 213/2020, de 16 de decembro.

Na súa virtude, por esta Secretaría non se observa inconviniente para dita modificación.

Ares, a 18 de decembro de 2020.

O Secretario

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales

Artículo 17 Elaboración, publicación y publicidad de las ordenanzas fiscales

Los acuerdos provisionales adoptados por las corporaciones locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días como mínimo dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

Las entidades locales publicarán, en todo caso, los anuncios de exposición en el boletín oficial de la provincia, o, en su caso, en el de la comunidad autónoma uniprovincial. Las diputaciones provinciales, los órganos de gobierno de las entidades supramunicipales y los ayuntamientos de población superior a 10.000 habitantes deberán publicarlos, además, en un diario de los de mayor difusión de la provincia, o de la comunidad autónoma uniprovincial.

Finalizado el período de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional. En el caso de que no se hubieran presentado reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo, hasta entonces provisional, sin necesidad de acuerdo plenario.

En todo caso, los acuerdos definitivos a que se refiere el apartado anterior, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, sin que entren en vigor hasta que se haya llevado a cabo dicha publicación.

Las diputaciones provinciales, consejos, cabildos insulares y, en todo caso, las demás entidades locales cuando su población sea superior a 20.000 habitantes, editarán el texto íntegro de las ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos dentro del primer cuatrimestre del ejercicio económico correspondiente.





En todo caso, las entidades locales habrán de expedir copias de las ordenanzas fiscales publicadas a quienes las demanden.

Artículo 18 Interesados a los efectos de reclamar contra acuerdos provisionales

A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los que tuvieran un interés directo o resulten afectados por tales acuerdos.
- b) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por los intereses profesionales, económicos o vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que o voto vai ser a favor como non podía ser doutra maneira, pero incidimos en que hai que revisar a ordenanza fiscal da taxa de recollida do lixo que teña máis que ver co tipo de negocios que hai en Ares, xa o dixemos moitas veces que convén facer esa revisión.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que están de acordo, pero como ben dixemos na comisión informativa temos dúas propostas, a primeira é que deberíase de recoller na ordenanza a devolución da taxa para aqueles negocios que non van a abrir a partir do 1 de xaneiro e a segunda é en canto o desconto dos 17,4€ (ano 2020), establecece que pasarán de pagar de 208,77€ a 191,37€ habería que facer constar na ordenanza que os negocios que abran teñen que pagar o recibo na súa totalidade, a partir de xaneiro 2021 o negocio que se de de alta ten que pagar o recibo enteiro senón hai un agravio comparativo cos outros establecementos, o desconto é polo COVID pero os establecementos de nova creación terán que pagar o recibo enteiro eu creo que isto hai que recollelo na modificación da taxa.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que os que teñen que pagar o recibo na súa totalidade son os que están de alta no padrón do lixo o 1 de xaneiro de 2021, o que este de alta nesta data ten que pagar o recibo do ano anterior si despois do 1 de xaneiro do 2021 algún non abre e abre outro en abril vai a pagar a parte proporcional desde que el abriu, non hai ningún problema.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o recibo non é trimestral o recibo é anual.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que o que este o 1 de xaneiro paga o recibo correspondente ao 2020 e no 2020 se tivo que cerrar uns meses pois se lle vai a descontar, e si xa non abre ten que vir aquí a dicilo para que o pasen, pero o que teña o recibo ao seu nome o





1 de xaneiro se supón que o tivo todo o 2020 entón ten que pagar o 2020 por iso digo que o problema que relatas non e existe.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a segunda proposta é, que o negocio que se abra a partir do 1 de xaneiro terá que pagar o recibo enteiro.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que paga a proporción do tempo no que é titular do establecemento.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que esta modificación se fai polo COVID, pero a ordenanza fiscal ten que ser a que tiñamos antes da pandemia, o total do recibo, isto foi unha cousa puntual pero na ordenanza temos que deixar a taxa que había antes da pandemia.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que se vai a introducir esa coetilla para que non leve a equívocos.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando si isto é unha axuda ou unha indemnización a aqueles negocios que non puideron abrir durante a pandemia, teño dúbidas de que isto teña que vir a través dunha modificación dunha ordenanza e que non se poida a través dunha axuda, polo tanto non habería que modificar ordenanza algunha entón a día de hoxe como xa se cobrou o ano en curso e polo tanto non se pode descontar o que se podería facer é o ano que ven aboar a diferenza que é moito máis sinxelo que facer unha modificación dunha ordenanza para un caso concreto e puntual, entón si tecnicamente se pode facer así que creo que si que non hai que facer unha modificación de ordenanza creo que é o máis sinxelo e o máis rápido.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que a ninguén non se lle pode dar o que non pide salvo si modificamos a ordenanza, si modificamos a ordenanza evitamos ter que solicitar nada, senón modificamos a ordenanza van a ter que vir aquí a solicitar a axuda e por 17€ mover papeis, mirar se ten débedas e si as ten xa non se lle pode dar, aquí lle descontamos aínda que deba a seguridade social todo o ano, doutro modo si a damos como axuda estamos atados pola lexislación que establece como límites non ter débedas coas administracións, coa ordenanza se lle aplica directamente sen ordenanza hai que abrir un expediente. Isto é un xesto xeneroso porque se aplicamos a lei tributaria terían que pagalo porque o feito de que non uses o servizo non implica que non o teñas que pagar.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que esta proposta foi ao principio da pandemia o que pasa é que non estamos aquí ante un servizo que ti o usas ou non, senón que é a prohibición de uso por iso nos entendíamos que si que podía haber unha axuda porque a estes negocios se lles prohibiu uso.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que é unha situación moi complexa pero se da de este xeito porque é máis sinxelo, non os condicionas a nada o condicionas a que houberan sufrido os pechos forzosos.





Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que está de acordo pero quere saber como queda o parágrafo de “os suxeitos obrigatorios contribuíntes das modalidades fixadas no parágrafo 3 do artigo 6 desta orde”.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que “sempre que foran obxectos tributarios no 2020” o que abre agora o 1 de xaneiro do 2021 cando lle pasen o recibo terá que pagalo sen desconto porque non sufriu o peche.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación o “**Aprobación da Ordenanza Fiscal N°7 reguladora da taxa por recollida de lixo**”, por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdG-PSOE, 1 do NAL, 3 PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 4.- Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 5.- Mocións-Propostas

- **PROPOSICIÓN NON DE LEI DE INICIATIVA POPULAR PARA UNHA CANLE XABARÍN CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO**

Dáse conta da “PROPOSICIÓN NON DE LEI DE INICIATIVA POPULAR PARA UNHA CANLE XABARÍN CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO que a continuación se transcribe;

Como consecuencia da urxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Tras o seu levantamento no mes de xuño, o empeoramento da situación epidemiolóxica levou á Xunta de Galicia a decretar o peche da hostalería nas zonas e concellos de maior incidencia.

O concello de Ares incorporouse a un dos perímetros de maiores restricións xunto aos concellos de Ferrol, Narón, Neda e Fene o pasado 7 de novembro de 2020 de acordo ao Decreto 179/2020 do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, en relación coa Orde de 4 de novembro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da situación epidemiolóxica derivada da Covid.19 na Comunidade Autónoma de Galicia .





O impacto que está tendo esta situación de excepcionalidade obriga ás Administracións Públicas, a adoptar aquelas medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nosa sociedade, e concretamente no sector hostaleiro, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID.

O Concello de Ares, tendo en conta que dende o 7 de novembro os establecementos de hostalería víronse obrigados a pechar as súas portas ata o 4 de decembro (Decreto 202/2020 do 3 de decembro en relación coa Orde de 3 de decembro de Sanidade) , non xeraron residuos durante un período comprendido cómpre minorar a taxa, axeitándoa á realidade.

Máis tendo en conta que o recibo xa está emitido dende outubro, cómpre aplicar esta minoración, por compensación, no recibo do 2021.

Para iso propónse a incorporación da seguinte disposición adicional na ordenanza fiscal que establece a taxa en vigor :

“ Por mor da pandemia derivada da COVID19 e as medidas excepcionais adoptadas en canto ás restricións de apertura de establecementos e negocios de hostalería e restauración, derivadas das restricións autonómicas recollidas Decreto 179/2020 do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, en relación coa Orde de 4 de novembro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da situación epidemiolóxica derivada da Covid.19 na Comunidade Autónoma de Galicia, os suxeitos obrigados contribuíntes nas modalidades fixadas no parágrafo 3 do artigo 6 desta ordenanza, terán, na liquidación da taxa do lixo do ano 2021, un 8,33% de desconto (1 mes) quedando como segue.

A.- Establecemento de restauración:

Cota ordinaria anual 208,77 € Cota 2021: 191,37 €

Os importes poderán ser modificados polas actualizacións que lle fosen aplicables.

Sometida a votación a aprobación o **“Proposición non de lei iniciativa popular para unha canle xabarín club na TVG e máis e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego”**, por 10 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, do 2 BNG), 3 en contra (3 PP), acorda prestar a súa aprobación

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.





Non hai

Punto núm. 6.- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que a primeira pregunta é relativa a obra da casa reitoral onde a empresa adxudicataria da obra que a tiña que facer e non a fixo solicitou unha devolución do aval a pregunta é, si xa se lle abonou o aval que require a empresa.

A segunda pregunta é relativa aos problemas que hai de alumeado público nos últimos meses, non é unha cuestión puntual como puido ser onte senón que xa digo non debería de haber ningún problema e que os hai a cousa é grave nalgúns sitios como é na parroquia de Cervás que por falta de alumeado deixou totalmente a escuras e sen ningunha referencia para o tránsito, é un tema de seguridade viaria e de seguridade de persoas a isto lle engadimos os problemas de alumeado que houbo na estrada Ares-Chanteiro e tamén hai que sumarlle a zoa da Porta do Sol que comprende a Rúa Anxos polo tanto, a nosa pregunta é a que se deben estes problemas de luz e a segunda pregunta sobre este tema é, habendo unha empresa concesionaria do mantemento do servizo si é óptimo o servizo que está prestando, a terceira pregunta é si é un problema da empresa subministradora ou si é un problema de mantemento ou de algunha anomalía do que que é o obxecto desta enerxía.

E por último un rogo, xa que estamos no último pleno do ano antes de desexar a todos/as unha boa entrada de ano como non podía ser doutra maneira, queríamos facer unha reflexión ao respecto do que nos toca vivir agora. Este ano foi un ano de imprevistos para todos/as pero sobre todo foi un ano de imprevistos para a administración, o ano que ven esperemos que sexa mellor, precisa de novas medidas porque non podemos caer nunhas previsións similares aos do ano 2020 porque a realidade é totalmente distinta entón, nese sentido o concello debe ser parte fundamental dunha dinamización socioeconómica e laboral, hai que repensar sobre as prioridades de inversión e sobre todo sobre o modelo do concello que precisamos neste novo ciclo e nesta nova realidade e por todo iso a pregunta que nos temos que facer a partir de agora é cal vai a ser o papel que debe desenvolver o concello a este respecto a esta nova realidade que debe ter unhas novas solucións.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas e felicitando o ano a todos/as.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que na xunta de goberno de data 30 de novembro douse conta dunha sentenza do contencioso administrativo nº1, fai referencia a unha ocupación de espazo público para instalación dunha terraza nunha praza en Redes, a demandante é Teresa Rodríguez Ribeiro queríamos saber en que situación está iso e cal e o procedemento. Ese solar primeiro se ía a expropiar, despois chegouse a un acordo coa familia dunha concelleira da corporación.





Con respecto a cámara instalada na entrada de Ares, queremos saber si hai algunha denuncia por parte da garda civil.

En canto ao vial que sacouse do plan MOVE a pregunta é, si por parte do concello se ten constancia de que ese vial foi modificado por PROYFE no ano 2013, si o concello e coñecedor e si existe algún informe que obrigue a incorporalo ao PXOM porque nós temos probas de que iso foi sacado no ano 2013 foi variado por parte dun informe de PROYFE.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando a Concelleira de Urbanismo si foi devolto o aval a empresa concesionaria da obra da casa reitoral.

Responde a Sra. Marcos García manifestando que o descoñece xa que é un tema administrativo.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que as avarías no alumeadado público son problemas técnicos que hai nalgúns puntos, a veces cae por temporal como por exemplo onte que unha liña caía é normal co temporal que houbo, outras veces coincide con que se puxo unha guirnalda de nadal a guirnalda fai que aumente o consumo e que salte a fase e outras veces é un problema dun cable que ata atopalo é tremendo porque ao mellor é un km de cable e para atopalo costa moito como por exemplo en Cervás, pode ser que o cable este pelado por unha rama, un rato hai tantas casuísticas, a empresa ten que buscar ese fallo, e o outro coincide con guirnaldas, ao mellor a fase non o soporta aínda que son leds pero como para pagar pouco axustamos moito as potencias porque unha das normas da IDAE era non contratar máis potencia da necesaria. Con todo o alumeadado que temos en Ares só temos problemas en Cervás e na entrada da Porta do Sol, no porto nos baixan as fases, hai un gracioso que se dedica a ir ao cadro e baixar a fase o levan meses facendo e en Chanteiro tamén hai xente que vai aos cadros e os manipula, en canto a estrada de Chanteiro pois non sei o que pasa.

Intervén o Sr. Vilar Rico sinalando que aí hai unha avaría no camiño que vai ao cementerio, colle o camiño do cementerio e o centro de Cervás, onte solucionouse o do centro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que son cuestións técnicas que a empresa concesionaria do servizo vai arranxando, os chamas e veñen sexa sábados, domingos ou festivo a empresa vai respondendo.

En canto a sentenza da terraza do Mourón hai unha sentenza firme.

Intervén o Sr. Secretario manifestando que a sentenza hai que levala a puro e debido efecto, refírese ao ano 2014, a sentenza di que no ano 2016 e seguintes non é obxecto da presente demanda aínda que foron engadidos no petitum, como se executa unha terraza que ocupou un bar no 2014 e que xa pasou, publicouse no xulgado que nos digan como se fai.

Toma a palabra a Sra. Marcos García sinalando que cada ano hai unha nova autorización.

Intervén o Sr. Secretario dicindo que xa foi subsanado.





Continúa o Sr. Alcalde sinalando que todos sabemos como se daban as terrazas e non o digo para desculparme porque non teño porque, efectivamente non había ordenanza entón aquí dábanse as terrazas como se daban sempre e foi co COVID cando decidimos enfrontarnos co tema das terrazas, pero ata ese momento solicitaban uns metros e os pagaban, se a terraza é do 2014 pois se lle daría como se lle daba a todo o mundo, foi co COVID cando se regulou pero claro esa sentenza é do 2014 pero a partir de aí corrixiuse esa terraza xa está be, como están todas cando decidimos enfrontarnos a esa realidade, agora no 2014 eu non sei como estaba, pois como estarían todas, solicitaban uns metros e xa estaba.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que foi un erro que solicitaron uns metros e ocuparon máis.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que é igual que o problema que hai no Pedregal que ocupan de máis.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que rogaría que se lle dera unha volta ao tema das terrazas que ata xuño temos tempo, facer unha comisión e retomar o tema e intentar solucionar o problema. Ese sitio non era para poñer unha terraza, aí había unha casa e foi expropiada para facer unha praza.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que a xente cando abre un establecemento e ten un espazo público ten dereito a ocupación de vía pública, entón a pide e se non hai un obstáculo para a circulación vial hai que concedela porque non lle poder dicir a uns que si e a outros que non, e aínda encima o COVID o disparou.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que esa terraza concretamente non da a entrada do local, hai que regularizar e aplicar o sentido común.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que ninguén se fixaba nas terrazas porque polo xeral nin as tiñan, cando se prohibiu fumar todo o mundo quixo terraza porque é onde se fuma, entre iso e o COVID as terrazas se dispararon e todo o mundo quere terrazas no sitio máis insospechables e claro tes que ser xeneroso porque ata estamos a falar dun bar pequeno, e canto máis pequeno é o interior do bar (e aínda encima co COVID) máis importante é para o seu rendemento económico a terraza, a terraza fala de espazos públicos, rúas, prazas e unha vez que a solicitan a concedes, só denegouse unha porque non cumpría os requisitos, nós o que non podemos é cambiar a lei, imaxínate unha época onde ninguén tiña terraza ou case ninguén e agora a teñen todos menos un e porque a tivemos que denegar pero efectivamente haberá que darlle unha volta.

En canto o vial, de que vial falas.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que é o vial do plan MOVE, o plan MOVE meteuse no PXOM que non había autorización para metela, e se meteu eu teño información de que isto foi modificado no ano 2013.





Intervén o Sr. Alcalde sinalando que cando se fai o plan faise cos informes sectoriais que se van evacuando no momento, houbo unha reunión en Santiago co director xeral de carreteras e medioambiente e o seu informe sectorial que está achegado ao plan obrigounos a metelo que non ía no plan, o plan MOVE non ía no plan.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que iso é ilegal xa que non está aprobado en ningún lado, e a maiores do que eu estou dicindo modificouse non só se modificou o plan en Ares senón que tamén se fixo en Neda.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que empezouse a facer o plan no 2008 e non foi ata o 2013 cando chegou o informe sectorial e obrigounos a meter o plan MOVE e ese informe sectorial ese trámite quedou evacuado e seguimos actuando igual que cos outros informes que faltaban a costas, patrimonio etc... nós cumprimos un trámite e nos esquecemos, efectivamente entra o informe de estradas que nos obriga a metelo e a aprobación final ese plan xa non está, pois xa non está pero o informe está evacuado, e está evacuado con esa premisa e dando a aprobación definitiva a Xunta e tendo a última palabra a Xunta non nos dixo nada, nolo mandou meter carreteras e aí quedou e a Xunta que na aprobación final mandounos quitar cousas tamén puideron mandar quitar iso porque si eles o puxeron temen nolo puideron dicir, na aprobación definitiva da Xunta vían que ía o plan MOVE e tampouco dixeron nada como comprenderas nós no plan non tocamos nada.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si o concello recibiu algunha notificación sobre este cambio.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que a competencia é da xunta, esa estrada meteuna a xunta.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o que pregunta e si ten coñecemento de que sacaron esa estrada.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que fixeron unha alegación a ese vial e si o souberan xa o anotaba porque eu tampouco o sabía eu o recibín e paseino ao Sr. Secretario e está moi claro.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que estivo nesa reunión, non nos gustou meter unha estrada que atravesa a Xunqueira non ía no plan, porque ese plan MOVE atravesa a Xunqueira, non queríamos metelo para protexer a Xunqueira e obrigáronme porque atravesa a Xunqueira entón ben, ou colles o plan como o dan ou non hai plan, cada informe sectorial é un obstáculo é unha vez que o superas pechas a porta, non se volve a falar diso ata que no informe final a xunta fai unha valoración global e sería na aprobación definitiva cando a xunta ten que dicir xa non vai esta estrada porque vai no plan, pero podo poñer o exemplo contrario, aquí a xunta obrigoume a poñer unha estrada que atravesa a xunqueira que non queríamos pero costas obrigounos a quitar o paseo a Seselle que logo nos esixiu Rafael Eimil di que os tempos das obras faraónicas termináronse ca crise e o paseo de Ares a Seselle que daba satisfacción aos puntos da costa, costa manda quitalo e logo costas de Madrid informa desfavorablemente o





plan porque quere o acceso imaxínate a situación, nun sitio te manda poñer e noutro quitar e as dous sen sentido por iso digo que por desgraza o plan foi así, unha carreira de obstáculo.

En canto a cámara era para ver a resolución, pero non gravou, as cámaras efectivamente as que necesitan autorización son as que recollen imaxes e inciden nas persoas porque a captación implica unha recollida de datos a captación implica procesar e xerar un arquivo nas imaxes gravadas, iso está sometido a autorización, esa cámara non grava.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o que preguntou foi si había algunha denuncia.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o descoñece, esa cámara non capta imaxes, non gravou senón grava aínda que haxa unha denuncia mentres non grava esa cámara pode estar onde sexa, o problema é a captación de imaxes esa cámara é para o control de aglomeracións polo COVID o que pasa é que efectivamente no verán ten sentido tela aquí diante pero agora no inverno por aquí non pasa ninguén a policía a coloca aí para a optimización da resolución da imaxe porque por aquí non pasaba ninguén para volvela a programar, pero son cámaras que non captan.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo a unha horas e tres minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

